



**RESOLUCIÓN do 11 de maio de 2023, do Servizo Provincial de Pontevedra, pola que se sinala a data para o levantamento de actas previas á ocupación e formalización de actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado de aparcamentos disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados a implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas AG-46 e PO-551 en Domaio, de clave PO/22/116.06, no concello de Moaña.**

O artigo 28 do vixente Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu apartado 2º a competencia da comunidade autónoma galega no desenvolvemento legislativo e na execución da lexislación do Estado en materia de expropiación forzosa.

En data de 09 de febreiro de 2023, o Consello da Xunta de Galicia acordou a aprobación do proxecto de trazado de aparcamentos disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados a implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas AG-46 e PO-551 en Domaio, de clave PO/22/116.06, no concello de Moaña, publicado no *Diario Oficial de Galicia* de 21 de febreiro de 2023 (DOG núm. 36). A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Goberno galego comporta tamén a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar esta obra, atendendo ó disposto no artigo 22 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

A tramitación do expediente expropiatorio debe axustarse ao disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do seu Regulamento de 26 de abril de 1957.

En consecuencia, este servizo, en virtude da competencia delegada mediante Orde de 7 de setembro de 2017, sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería, publicada no DOG nº 179 de 20 de setembro, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios do concello de Moaña, para que comparezan no lugar, data e horas que se detallan a continuación, co fin de proceder ao levantamento das actas previas á ocupación, nas que se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Termo municipal de Moaña

Lugar: Casa do Concello de Moaña

Data: **21 de xuño de 2023, de 10:00 ás 10:15 horas**

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como o plano parcelario correspondente estarán expostos no concello de Moaña, e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de Pontevedra (Avda. María Victoria Moreno, num. 43-1º, 36003 Pontevedra), e publicárase no seguinte enlace da páxina web da consellería:

[https://infraestruturasemobildade.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Conselleria6/Avisos/resoluciones/aviso\\_0324.html](https://infraestruturasemobildade.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Conselleria6/Avisos/resoluciones/aviso_0324.html)

Así mesmo, realizarase a convocatoria aos interesados ao levantamento das actas previas mediante notificación individual.

Ao dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, que achegarán os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade (e, de ser o caso, outra documentación que se requira, xustificante do pago do IBI...), así como certificado de conta con códigos IBAN e BIC, a fin de realizar os sucesivos pagos que sexan procedentes mediante transferencia bancaria, podendo facerse acompañar a súa costa, se o estiman oportuno, dos seus peritos e notarios.





Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de Expropiación Forzosa de 26 de abril de 1957, este Servizo, unha vez levantadas as actas previas á ocupación, e habilitado o crédito oportuno, realizará o pagamento, mediante transferencia bancaria, do importe dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación. No suposto de non ter presentado o certificado de titularidade da conta bancaria, con códigos IBAN e BIC, e a copia do D.N.I., consignarase o importe na Caixa Xeral de Depósitos, conforme o disposto no artigo 51 do Regulamento de Expropiación Forzosa do 26 de abril de 1957.

En cumprimento do artigo 55 do Regulamento de Expropiación Forzosa do 26 de abril de 1957, neste mesmo acto, convócase ao acto de formalización das actas de ocupación o cal terá lugar, logo de producirse o aboamento dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación, no lugar e data que se indican:

Termo municipal de Moaña

Lugar: Casa do Concello de Moaña

Data: **20 de setembro de 2023, de 10:00 ás 10:15 horas**

No mesmo acto ofertaráselles os propietarios as valoracións establecidas pola Administración para cada un dos predios en concepto de mutuo acordo.

O presente acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo os titulares que na acta figurarán os donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que deberá identificarse co Documento Nacional de Identidade.

Co fin de que os actos derivados dos procedementos expropiatorios se realicen de acordo coas medidas preventivas do risco de contaxio ante a situación provocada polo coronavirus COVID-19, serán aplicables as medidas de prevención vixentes nas datas de realización dos actos convocados no presente anuncio.

Pontevedra, 11 de maio de 2023

O xefe do Servizo Provincial da AXI en Pontevedra  
Manuel Ángel González Juanatey

